# INFORME DE INSERCIÓN LABORAL DESPOIS DA FCT DURANTE O ANO 2023

## 1. PERÍODO DE XANEIRO A MARZO DE 2023.

| GRUPO | Nº ALUMNADO TITULADO | Nº ALUMNADO CON OFERTA DE EMPREGO |
|---|---|---|
| CS Automoción | 2 | 2 |
| **TOTAL** | **2** | **2 ( 100%)** |







## 2. PROGRAMA ERASMUS: PERÍODO DE ABRIL A XUÑO DE 2023.

| GRUPO | Nº ALUMNADO QUE REALIZOU AS PRÁCTICAS | Nº ALUMNADO CON OFERTA DE EMPREGO |
|---|---|---|
| 2º FPB mantemento de vehículos | 3 | 1 |
| 2º FPB industrias alimentarias | 1 | 0 |
| 2º CM Electromecánicas de vehículos automóbiles | 2 | 1 |
| 2º CM Instalacións frigoríficas e de climatización | 3 | 2 |
| 2º CS Automoción | 1 | 1 |
| **TOTAL** | **10** | **5 ( 50%)** |






## 3. PERÍODO DE ABRIL A XUÑO DE 2023.

| GRUPO | Nº ALUMNADO TITULADO | Nº ALUMNADO CON OFERTA DE EMPREGO |
|---|---|---|
| 2º FPB mantemento de vehículos | 5 | 1 |
| 2º FPB industrias alimentarias | 4 | 3 |
| 2º FPB embarcacións deportivas e de recreo | 5 | 2 |
| 2º CM Carrozaría | 2 | 0 |
| 2º CM Electromecánica de vehículos automóbiles | 2 | 0 |
| 2º CM Instalacións eléctricas e automáticas | 1 | 1 |
| 2º CM Instalacións frigoríficas e de climatización | 0 | 0 |
| 2º CS Automoción | 3 | 3 |
| 2º CS Sistemas electro técnicos e automatizados | 2 | 1 |
| 2º CS Mantemento instalacións térmicas e de fluídos | 6 | 6 |
| 2º CS Procesos e calidade na industria alimentaria | 7 | 4 |
| **TOTAL** | **37** | **21 (56%)** |







## 4. PERÍODO DE MARZO A AGOSTO DE 2023.

| GRUPO | Nº ALUMNADO TITULADO | Nº ALUMNADO CON OFERTA DE EMPREGO |
|---|---|---|
| ZM Elaboración de produtos alimentarios | 6 | 3 |
| **TOTAL** | **6** | **3 ( 50%)** |






## 5. PERÍODO DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2023.

| GRUPO | Nº ALUMNADO TITULADO | Nº ALUMNADO CON OFERTA DE EMPREGO |
|---|---|---|
| 2º FPB Mantemento de vehículos | 3 | 0 |
| 2º FPB Industrias alimentarias | 1 | 0 |
| 2º FPB Embarcacións | 1 | 0 |
| 2º CM Carrozaría | 2 | 1 |
| 2º CM Instalacións eléctricas e automáticas modular | 1 | 0 |
| 2º CM Instalacións frigoríficas e de climatización modular | 1 | 0 |
| 2º CS Automoción | 5 | 1 |
| 2º CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos | 1 | 0 |
| 2º CS Procesos e calidade na industria alimentaria | 1 | 0 |
| **TOTAL** | **16** | **3 (18,75%)** |






XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

FP | CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

## RESULTADOS TOTAIS DO CURSO:

| PERÍODO | Nº ALUMNADO TITULADO | Nº ALUMNADO CON OFERTA DE EMPREGO |
|---|---|---|
| 1 – XANEIRO A MARZO 2023 | 2 | 2 |
| 2 – ABRIL A XUÑO 2023 - ERASMUS | 10 | 5 |
| 3 – ABRIL A XUÑO 2023 | 37 | 21 |
| 4 – MARZO A AGOSTO 2023 - DUAL | 6 | 3 |
| 5 – OUTUBRO A DECEMBRO 2023 | 16 | 3 |
| | **71** | **34 (47,89%)** |






**VALORACIÓN E ANÁLISE DOS RESULTADOS:**

Nos períodos analizados neste informe os réximes que obtiveron peores resultados foron os de modular nocturno, no que ningún alumno quedou a traballar na empresa na que fixo as prácticas. Pero hai que destacar que varios deses alumnos xa teñen emprego noutros campos e acoden ao centro para completar a súa formación.

Outra ensinanza foi a de FPB, no período de outubro a decembro. Neste período foron 3 alumnos a FCT e non tiveron oferta de traballo, pero hai que salientar que xa era un perfil de alumnos cunha baixa implicación tanto no centro coma na empresa na que realizaron as prácticas.

Destaca no réxime dual o CM Elaboración de Produtos Alimentarios, con moi bos datos de inserción nas 3 empresas coas que temos convenio, a inserción foi do 50%.

<u>No réxime ordinario</u>:

Por familias, a que tivo mellor inserción foi a de transporte e mantemento de vehículos, xa que en todos os ciclos quedou un número salientable de alumnado a traballar nas empresas, incluso nas ensinanzas de FPB.

Como pasa todos os anos, sempre hai alumnos/as aos que lle ofrecen un contrato laboral e non aceptan por seguir cursando estudos ou por motivos diversos.

Tamén comentar que hai alumnos/as que non quedaron a traballar na empresa que realizaron as FCT, porque optaron por outra oferta máis axeitada ás súas expectativas.

Destacar a boa inserción do alumnado que realiza as prácticas profesionais en países da Unión Europea dentro do Programa Erasmus. A inserción foi do 50% e aquí computanse os datos de alumnado que quedou a traballar na empresa e tamén ao que lle ofreceron contrato que non aceptou pero atopou traballo nesa familia profesional. Como dato comparativo, o curso pasado a inserción laboral foi do 71%, un dato máis positivo que o do ano 2023.

A inserción laboral foi boa nos cinco períodos analizados, en todos supera o 50% do alumnado que obtivo oferta de emprego. Só se desvía un pouco da media o alumnado do período de outubro a decembro de 2023, onde os datos reflexan un 18,75% de inserción ao rematar o período de prácticas. O curso pasado neste período foi dun 44,12%.

Por último, temos varios casos de alumnado que ao titular no CM ou CS decide non empezar a traballar, senón que se matricula noutro novo ciclo, especialmente oriéntanse cara a formación Dual e este curso tivemos casos nos que elixiron un curso de especialización que se ofertou por primeira vez neste curso 2023/24.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. O vindeiro curso estamos pendentes da nova oferta educativa e tamén de como se organizará a FP na nosa comunidade autónoma, pero observamos que deberá facerse un maior seguimento do alumno que estuda FP Dual xa que a oferta está aumentando.
2. Deberá incluírse unha nova ensinanza: a FPB de cociña, que aínda que ten unha duración de 2 anos, debemos estar pendentes de si completan a súa formación ou xa se insertan no mundo laboral ao rematar o primeiro ano, porque na nosa zona hai moita demanda no sector da hostalaría.

**Dpto. de Relación con Empresas e Información e Orientación Profesional.**